

En Boiro, sendo as 16:30 horas do día 18 de outubro de 2023, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica no salón de actos do IES Espiñeira coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Proxecto Boiro360º.
3. Plan Dixital.
4. Plan de seguimento alumnado repetidor.
5. Rogos e preguntas.

#### **1. Aprobación, se procede da acta anterior.**

Maria Ana Domínguez, directora do IES, sinala que a acta como é costume atópase dispoñible na páxina web para súa lectura. Apróbase a mesma por unanimidade.

#### **2. Proxecto Boiro360º.**

A Directora presenta *Boiro 360º*, proxecto de aula con carácter competencial e que trata sobre Boiro. A idea é formar parte dun mapa interactivo de Boiro xunto cos outros institutos do Concello. María Ana comparte a unidade que se creou o ano pasado na formación realizada, a modo de exemplo. O proxecto presentarase a final de curso.

#### **3. Plan Dixital.**

Renovouse o plan dixital respecto do anterior (fai 2 anos). María Ana enuncia os catro obxectivos do plan:

1. Creación dun equipo TIC: Noméanse os membros do plan dixital. Fálase da necesidade de crear un equipo estable para o plan dixital.
2. Formación do profesorado: cada departamento debe analizar a súa competencia dixital docente, e ver a evolución ao longo do curso. Acadar unha puntuación de 76,4 puntos. As dúas PFPP que se van desenvolver no centro tamén conteñen competencia dixital.
3. Mellorar a infraestrutura dixital do centro (equipos e redes): sería ideal dotar unha aula de informática pero non se pode comprar novos equipos.
  - a. Renovar equipos informáticos.
  - b. Instalación de altofalantes e proxectores na totalidade das aulas.
  - c. Aumentar os espazos dixitalizados, contamos cos recursos da aula virtual, o material de polos creativos. Pídeselle a cada departamento que analice que actividades poden ou vaian desenvolver a competencia dixital.

Respecto do obxectivo de Promoción do uso de software libre, elimínase posto que vai ser imposible en administrativo ao non haber aplicacións propias.

Realiza unha intervención a profesora Mónica Pérez para expoñer un problema con materias que teñen unha sesión semanal e non hai marxe para utilizar a aula de informática.

A profesora Beatriz Hernández propón botar man de ordenadores da biblioteca, uns 15 ordenadores aos que o ano pasado se lles instalou a Maqueta Abalar.

Contemplouse a necesidade de anotar as incidencias cos equipos. Mónica manifesta a importancia de controlar o bo uso dos equipos. Propónese poñer un libro de incidencias en cada clase de informática.

Apróbase por unanimidade a votación do plan dixital.

#### **4. Plan de seguimento alumnado repetidor.**

Este Plan implantouse o curso ano pasado, ten un índice de contidos marcados por lei. Explícase a cronoloxía deste plan, tarefa dos titulares colaborando o profesorado do grupo en cada sesión de avaliación. Puntualízase que o plan inicial debe ser informado ás familias. O profesor Manuel Pimentel detalla e explica o seu contido. Así, as titorías deben compilar toda a información do mesmo. O punto 4 debe ser elaborado polo profesorado implicado. O

seguimento do alumnado é interno do centro, e complétase unha vez por avaliación. A profesora Mónica Pérez e o profesor Luis Araújo comentan dúbidas respecto de como abordar esta metodoloxía.

A profesora Beatriz Hernández pregunta se o plan é só para a ESO ou Bacharelato, sendo para a etapa da ESO.

**4. Rogos e preguntas.**

Non hai.

Sendo as 17:00 horas, levántase a sesión.

A DIRECTORA

Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

Ausentes:

- García Couto, Raquel.
- Ventín Pena, Rosa María.

A SECRETARIA

Asdo.: Paula Muñiz Vilas

